


CANCIÓN 25N

“Vento”

Eu só teño o recordo
de se ías marchar comigo
suplicando de xeonllos
tódolos males prohibidos

Tódolos males prohibidos
e pecados compartidos
axexabas dende a porta
a precariedade enxoita
unha restra de remorsos
e discutir batendo a porta

Vento, vento, vento
ai vento! Ven comigo
vento, vento, vento
que aí quedas meu amigo




X2

E aquí vai cambiando o conto
casas sen leis nin acordos
tranquilas que imos facendo
este camiño máis curto

Xa bastante nos calaron
e seguimos protestando
a virxe no altar mirando
xa pasou o oito de marzo
a rúas están tinguidas
por aquelas que faltaron

Vento, vento, vento
ai vento! Ven comigo
vento, vento, vento
que aí quedas meu amigo



x2

Vento, vento, vento
encarrila o camiño
vento, vento, vento
que é violeta, o destino

Vento, vento, vento
ai vento! Ven comigo
vento, vento, vento
que aí quedas meu amigo

Vento, vento, vento
encarrila o camiño
vento, vento, vento
que é violeta, o destino

Que é violeta, o destino

Pauliña "A Malfalada"